

Denominacións galegas da *curuxa*

ESTHER CORRAL DIAZ

Universidade de Santiago

As designacións dos paxaros presentan en xeral un amplo abano de formas, comprendendo desde términos onomatopeicos baseados no seu canto, ata vocablos que fan referencia ós seus hábitos de vida, á súa fisonomía, á súa vistosidade, etc. Ademais, hai que sinalar que as supersticións populares asignaron ás rapaces nocturnas o estigma de portadoras de mal agoiro, debido en parte ó son agudo dos seus berros no silencio sepulcral da noite e á percepción das súas figuras pantasmais na escuridade nocturna.

O principal obstáculo que atopamos, ó analiza-las distintas designacións da nosa ave, estriba fundamentalmente na confusión que existe entre as diferentes especies de rapaces nocturnas. A este propósito, aduce certeramente Corominas:

“El estudio de la nomenclatura de las aves de presa nocturnas está oscurecido por el gran número de variedades de las especies distintas, y por la gran confusión, que por esta razón o por falta de cuidado, reina en los diccionarios bilingües”¹.

Este problema agrávase no noso caso particular, posto que a fonte esencial do noso traballo céntrase fundamentalmente no Atlas Lingüístico de Galicia. Co fin de esclarecer un pouco este amañaramento e de evitar equívocos na medida do posible, consultamos distintos estudos especializados no tema ornitolóxico, sinalando a equivalencia correspondente, cando sexa pertinente.

En liñas xerais, poden clasificarse as especies principais das aves de presa nocturnas que viven na área de Galicia nos grupos seguintes²:

¹ Cfr. J. Corominas-J.A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid, 1980, IV, p. 97, s.v. *mochuelo* (= *DCECH*).

² Seguimos para a configuración deste elenco de especies de rapaces nocturnas:

I) FAMILIA TYTONIDAE

– TYTO ALBA ‘curuxa branca’

Características: curuxa de patas longas, moi pálida e de cara branca. Partes superiores de cor pardo-dourada clara finamente manchadas. Sen “orellas”. Cara cordiforme ou redonda coma de “simio”.

Extensión: común.

II) FAMILIA TYTONIDAE

– ATHENE NOCTUA ‘moucho’

Características: distínguese polo seu pequeno tamaño e aspecto rechoncho de cabeza achatada. A cabeza e cara achatada, así como os ollos amarelos, comunícalle unha fera expresión de furia.

Extensión: común, aínda que menos numeroso cá curuxa branca.

– STRIX ALUCO ‘curuxa do souto’

Características: moteado e listado, cabeza grande, redonda, ollos negros, sen “orellas”. Distínguese do bufo chico polo maior tamaño e aspecto moito máis escuro, especialmente cara as partes inferiores.

Extensión: común.

– OTUS SCOPS ‘moucho das orellas’

Características: distínguese pola combinación do tamaño moi pequeno e ter “orellas”. Plumaxe vermella e salpicada de pardo grisáceo. Ten a cabeza máis pequena e menos achatada có moucho, e é máis delgado, de forma afusada e cola máis longa.

Extensión: pouco común.

– BUBO BUBO ‘bufo’

Características: o maior bufo de Europa (tamaño dobre respecto ó bufo chico), con “orellas” prominentes, peito leonado con manchas lonxitudinais, ollos grandes de cor laranxa.

Extensión: especie en perigo.

R. Peterson-G. Mountfort-P.A.D. Hollom, *Guía de campo de las aves de Europa*, 3ª ed. rev., trad. por M. González Diez, Omega, Barcelona, 1973, pp. 216-217; o *Atlas provisional de los vertebrados de Galicia 1970-1979*. II: *Aves nidificadoras*, Univ. de Santiago, 1980, pp. 76-80.

As diferencias entre estes animais non sempre están o suficientemente claras, sobre todo en canto ós nomes que designan a cada un deles, polo que non resulta en absoluto sinxelo fixar cales das denominacións recollidas se refiren estrictamente á curuxa; en especial, pódense advertir interferencias entre as catro primeiras (entre outras cousas, teñen en común o carecer de “orellas” ou telas pouco visibles, fronte o moucho das orellas ou o bufo).

1. DENOMINACIÓNS DERIVADAS DE NOCTŪA

En latín, existían distintos termos para denominar á *curuxa*, dos cales NOCTŪA é un dos poucos que legou numerosos derivados ás linguas románicas. A razón da súa pervivencia non é difícil de dilucidar. Sabemos que o proceso onomasiolóxico das aves soe facer referencia a algunha das súas características. NOCTŪA reflicte un dos rasgos de rapaz que máis atrae a atención: a súa vida nocturna³.

NOCTŪA nace como adxectivo do sustantivo *nōx - nōctis* ‘noite’ (< NOCTŪA AUIS). Conforme á súa etimoloxía, nun principio designaba a tódolos paxaros nocturnos. Plinio define ó AXIO deste xeito: “noctuarum est id genus quibus pluma aurium modo micat”⁴. Máis tarde, especialízase como denominación da especie *ATHENE NOCTUA* ‘moucho’⁵.

1.1. En Galicia, recollémo-las designacións⁶ *paxaro da noite* (Moaña), *ave noiteira* (Roo), *noutarega* (Hermisende), e finalmente *loutarega* (Sela).

Ademais, rexístrase como castelanismos *lechuza*⁷, *lechuha*⁸, e, en áreas de seseo, *lechusa*⁹.

³ Neste sentido, dice S. Isidoro: “Noctua dicitur pro eo quod nocte circumuolat et per diem non possit uidere; nam exorto splendore solis; uisus illius hebebatut” (Isid., *Etym.*, XII, 40, en S. Isidoro de Sevilla, *Etimologías*, trad. por J. Oroz Reta y M.A. Marcos Casquero, B.A.C., Madrid, 1983, p. 113).

⁴ Cfr. Plin., *Nat. Hist.*, XXIX, 117 (en Pline, L’Ancien, *Histoire Naturelle*, trad. por A. Ernout, Les Belles Lettres, Paris, 1962, p. 59).

⁵ Cfr. J. André, *Les noms d’oiseaux en latin*, Klincksieck, Paris, 1967, pp. 109-110, s.v. *noctua*; e F. Capponi, *Ornithologia latina*, Istituto di Filologia classica e medievale, Genova, 1977, pp. 346-351, s.v. *noctua*.

⁶ Empregamos para o seu estudio os materiais do *Tesouro Lexicográfico do Instituto da Lingua Galega*, e máis do *ALGA* (Inédito), pregunta 1431.

⁷ En Mañón, Forcarei, Salcidos e Carracedo.

⁸ En Sobrado dos Monxes.

1.2. A evolución da voz en España ofrece un trato orixinal con respecto ó resto das linguas románicas. O término latino *n o c t ũ a* presentaba unha sufixación infrecuente, sendo substituído en case toda a Romanía pola forma **n o c t u l a*¹⁰, agás as denominacións españolas, onde hai que partir do clásico *n ō c t u a*¹¹.

Centrándonos nas designacións galegas, consideramos que tanto *noutarega*, *loutarega* como *noiteira*¹² fan referencia directa ó vocábulo *noite*, sen necesidade de remontarse a un latín *n o c t ũ a*. Nas dúas primeiras formas constátase a adición do sufixo *-ego*¹³, mentras que en *noiteira* aparece o sufixo *-eiro* (< *-a r i u m*)¹⁴.

2. DENOMINACIÓNS ONOMATOPEICAS: *CURUXA*

No campo da zooloxía, e máis concretamente no da ornitoloxía, xorde un grupo numeroso de voces baseadas no canto da ave. Por outra parte, se ben a silueta da nosa rapaz é facilmente camuflada pola follaxe e pola escuridade nocturna, o seu canto é percibido con suma nitidez no silencio inquietante da noite.

Antes de pasarmos a estudar as denominacións onomatopeicas, hai que advertir que a onomatopeia é unha imitación aproximativa de determinados sonidos, de ningún modo se pode considerar como unha reprodución exacta¹⁵. Os sonidos da voz humana difiren en gran medida dos

⁹ En Moraime, Sta. Comba, Carnota, Louro, Cela, Aguiño, Rianxo, Xaviño, Salgueiros e Castro.

¹⁰ Debido ó tamaño máis pequeno da curuxa con relación ó seu conxénere o bufo, e, por outro lado, á frecuencia do emprego do sufixo *-ŭlu* (Cfr. o italiano *ci-vettula*, *suvittula*, proven. *nichoula*, etc. 'curuxa').

¹¹ Cfr. as palabras santanderinas *muétaga*, *nuétiga*, *nuétigua* y *nuética*, que engaden un "g" epentético ("k" no caso de *nuética*). Por outra parte, a explicación da orixe e posterior evolución do castelán *lechuza* resulta bastante problemática aínda que parece evidente a súa procedencia do latín *n ō c t u a* (vid. a este respecto, *DCECH*, II, pp. 617-619, s.v. *lechuza*).

¹² Estrictamente, as designacións *loutarega*, *noutarega* corresponden á especie *CAPRIMULGUS* (cfr. X.M. Penas Patiño-C. Pedreira López-C. Rodríguez Silvar, *Guía das aves de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1980, p. 79).

¹³ Compárese, por ex., *fontarego* (< *fonte*). Para máis detalles, vid. I. González Fernández, *Sufijos nominales en el gallego actual*, Anexo 11 de Verba, Univ. de Santiago, 1978, p. 138.

¹⁴ Sufixo moi productivo en galego (vid. *ibid.*, p. 137).

¹⁵ Kr. Nyrop define a onomatopeia como "des mots imitatifs, c'est-à-dire, des mots qui prétendent imiter par les phonèmes dont ils se composent certains bruits,

ruidos da natureza, producíndose unha dobre traducción: non só os nosos órganos emisores traducen ó seu xeito os datos que recibe do oído, senon que o oído xa interpretara e traducira antes as impresións que lle chegaban¹⁶. Este factor subxectivo de cada oínte xunta a diversidade de berros que emite a curuxa, traerá como principal consecuencia unha ampla variedade de designacións onomatopeicas¹⁷.

2.1. O término máis xeral para denominar a TYTO ALBA en galego é *curuxa*¹⁸. O seu emprego abarca unha área que inclúe Galicia e parte do galego exterior (Asturias, León e Zamora)¹⁹. Cómpre notar, sen embargo, a existencia dun grande número de variantes fonéticas, debido principalmente á importante vacilación que sofren as vocais átonas en galego. Así, atopamos formas como *coruxa*²⁰, *cruxa*²¹, dispersas por todo o dominio.

En Arrabal (Pontevedra) rexístrase unha voz relacionada coa nosa palabra, *cacaruxa*. Non cabe dúbida de que se trata dunha imitación do berro, segundo o amosa a secuencia inicial *caca*-²².

tels que le cri ou le chant des animaux..." (*Grammaire historique de la langue française*, 2ª ed. rev., Gyldendalske Boghandel, Nordisk Forlag, Copenhage, 1936, III, p. 17).

¹⁶ Vid. M. Grammont, "Onomatopées et mots expressifs", *Revue de Langues Romanes*, XLIV, 1901 (reimp. Kraus Reprint, 1970), pp. 97-158.

¹⁷ As denominacións onomatopeicas son as máis numerosas no eido da Romanía: italiano *civetta*, *sieta*, *soeta*, *soveta*, *hiveta*, *pif*, *pirqua*, *murmur*, *cucuscia*, *ci-fettela*, rumano *cucuvaye*, *cucumea*, francés *chouette*, occitano *cabeca*, *chioc*, etc.

¹⁸ Téñase en conta a existencia doutras palabras hispanorromances paralelas como o castelán *coruja*, canario *coruja*, asturiano *curuxa/conuxa*, portugués *coruja*.

Sen embargo, para Sarmiento a denominación galega *curuxa* non corresponde estrictamente ó castelán *lechuza*: "es distinta —di el— de la lechuza y mayor que ella, y sólo andan de noche; así en Galicia llaman, con impropiedad *coruxa* a la lechuza, pues para esta no tienen nombre" (Fr. M. Sarmiento, *Catálogo de frases y voces de la lengua gallega*, ed. y estudio por J.L. Pensado, Univ. de Salamanca, 1970, p. 356).

¹⁹ Esporadicamente aparecen formas minoritarias (sobre todo no galego exterior leonés e zamorano) como *cáramo*, *raposa da morrassa*, *paxaro da morte*, *bufo*, *cabra*, etc.

²⁰ En Mesoiro (Elviña), Rivadulla, Sta. Comba, Savane, Outeiro, A Mezquita, Baltar, Clavos, Lougares (Mondariz), Torneiros (Porriño), Vilachán (Tomioño), Moaña (Asturias), Calafresnas (León).

²¹ Sobre todo, na provincia da Coruña: en Deixebre (Oroso), Novefontes (Touro), Ponteceso, Sísamo (Carballo), Ortoño (Ames) e Outes. Ademais, aparece en Hermisende (Zamora) e Baloiira (A Estrada).

²² Cfr. formas italianas meridionais como *cuccua*, *cucuvèdde*, *cucuvida*, *cucvecie*, *cucugnau*, etc.

2.2. A orixe destas designacións, como xa adiantamos, debe centrarse, ó noso parecer, na imitación do canto do paxaro, polo que, a busca dunha etimoloxía base carece de sentido. Sen embargo, certos autores precuran diferentes raíces latinas.

Moi prudentemente, algúns estudiosos falan dunha orixe descoñecida; tal é o caso de Almeida-Sampaio²³, de García de Diego²⁴, e de Machado²⁵.

Otero Alvarez propón unha etimoloxía bastante imaxinativa. Asenta a base do término galego que denomina “coruja”, no lat. *color* (> galego *cor*), ó que se lle engadiría un sufixo *-uja*. Na súa opinión, a característica máis sobresaínte do noso paxaro, ós ollos do pobo, fícase principalmente na cor da súa plumaxe, á que debería o seu nome²⁶.

Nascentes, pola contra, situa a súa orixe no baixo lat. *curusa* ‘ave que anda de noite’²⁷, rexistrado nun manuscrito do Escorial²⁸, ó lado de *coruca* ‘ave que cría fillos ajenos o cornudos’²⁹.

Da mesma maneira, Crespo Pozo sinala unha base sorprendente: o

²³ Cfr. J. Almeida Costa-A. Sampaio e Melo, *Diccionario da lingua portuguesa*, 6ª ed., Ed. Porto Lda., Porto, 1984, p. 434, s.v. *coruja*.

²⁴ Cfr. V. García de Diego, *Diccionario etimológico español e hispánico*, S.A.E.-T.A., Madrid, 1954, p. 193, s.v. *coruja*.

²⁵ Cfr. J.P. Machado, *Diccionario etimológico da lingua portuguesa*, 3ª ed., Livros Horizonte, Lisboa, 1977, II, p. 238, s.v. *coruja*.

²⁶ Como apoio á súa hipótese, aduce a seguinte fábula recollida en Barcia: “la coruja, que no tenía vestido para ir a unas bodas en el cielo, pidió prestada una pluma a todas las demás aves, y escogió en cada una de ellas la más vistosa; pero luego se negó a devolverlas, por lo que no se atreve a salir de día y anda escondida y temerosa de las víctimas de su engaño, que chillan, indignadas, cuando por casualidad la descubren, y algunos llegan hasta a arrojarse a ella” (A. Otero Alvarez, *Contribución al diccionario gallego*, Galaxia, Vigo, 1967, s.v. *color*).

²⁷ Cfr. A. Nascentes, *Diccionario etimológico resumido*, Instituto Nacional do Livro, s.l., 1966, p. 212, s.v. *coruja*.

²⁸ folio 14 v, v. 802; recollido por Américo Castro, *Glosarios latino-españoles de la Edad Media*, Anejo XXII de R.F.E., Madrid, 1936, p. 202, s.v. *curusa*.

²⁹ *Ibid.*, p. 100 (en el manuscrito, folio 16r). Aparece tamén rexistrada *curuca* por Ch. du Fresne, sieur du Cange, *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis*, ed. de L. Favre, 1887 (reimp. Graz, Austria, 1954), II, p. 678, s.v. *curuca*; y por Papias, *Impressum Medievaï per Dominicum de Vespolati Anno domini M V V V L XXVI die XIII mensis december*, Bottega d’Erasmus, Torino, 1966, p. 83, s.v. *currucula*.

Agora ben, é preciso sinalar que seguramente Nascentes confunde ó noso paxaro coa “curruca”, ave da familia MUSCIPIDAE. Do mesmo xeito, Viera identifica o castelán *curuja* con ‘bufo’, ó que considera “voz estropeada a la castellana *curruca*” (Cfr. M. Alvar, *El español de Tenerife*, Anejo LXIX de R.F.E., Madrid, 1959, p. 159).

lat. *c u c u l l a* ‘capucha dos monxes’ que procede de *c u c u l l u s*, -i ‘capuchón’. Centra a súa explicación semántica na semellanza “que sus orejas inhiestas guardan con la capucha”³⁰.

Finalmente Corominas expón unha particular hipótese etimolóxica. Apoiándose na existencia do vocabulo asturiano *coruxia* ‘medo, espanto’ (relacionado con *acoruxar* ‘acobardar’), propón como base do castelán *coruja* o verbo latino **c o r r u p t ĩ a r e* (> fr. *courrocer* ‘irritar’), dado o temor supersticioso que envolve a figura da curuxa³¹. O mesmo tempo, do término *coruja* derivase, en opinión de Corominas, o verbo *acurrucarse*, é dicir: **c o r r u p t ĩ a r e* > *coruja*, e de *coruja* > *acurrucarse*³².

Pola nosa parte, consideramos que ningunha destas catro teorías é válida. Inclinámonos máis ben por crer que se trata simplemente dunha palabra onomatopeica. Non é un fenómeno extraño que un son semellante a secuencia “cu-rú-cu-rú-cu-rú”, moi fácil de remedar, dese lugar o nome de *curuxa*, e que ‘canta-la curuxa’ se diga *curuxar* en galego³³.

3. DENOMINACIÓNS DOUTRAS RAPACES NOCTURNAS

Xa nos referimos anteriormente á confusión que reina entre as distintas especies de aves rapaces nocturnas e que atinxe un cambio de no-

³⁰ Cfr. J.A. Crespo Pozo, *Nueva Contribución a un vocabulario castellano-galego*, III, p. 40.

³¹ Cfr. DCECH, I, pp. 46-47, s.v. *acurrucarse*.

³² Di Corominas, a propósito de *acurrucarse*: “la explicación semántica, más bien que en la actitud de la lechuza cuando descansa, estaría en la conocida costumbre que tienen estos pájaros de estarse ocultos y acurrucados durante el día” (cfr. supra).

Sainéan establece esta mesma relación entre o ital. *gufarsi* ‘estar quieto’ e ‘gufo’, entre o servocroata *cucati* e *cuk* ‘bufo’, e entre o alemán *kauzen* ‘engruñarse’ e *kauz* ‘moucho’ (L. Sainéan, *La création métaphorique en français et en roman. Images tirées du monde de animaux domestiques. Le chat, avec un appendice sur la fouine, le singe et les strigiens*, Beiheft zur Zeitschrift für romanische Philologie, citado por Corominas).

H. Meier, á súa vez, rebate a teoría de Corominas: “si hay relación entre ‘lechuza’ y ‘acurrucarse’, es más bien en dirección opuesta, como lo hace pensar el paralelo del it. dial. *gufo* y *gufarsi*... descendiente del lat. vulg. *c u f a r e* = *cubare* ‘reposar’” (*Notas críticas al DCECH de Corominas-Pascual*, Anexo 24 de Verba, Univ. de Santiago, 1984, p. 20, s.v. *acurrucarse*).

³³ Cfr. M.C. Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, I: *Invertebrados y peces (anotaciones etimológicas de A. Santamarina)*, Anexo 7 de Verba, Univ. de Santiago de Compostela, 1977, p. 418, s.v. *curuxo*.

mes. Esta alteronimia débese principalmente a dous factores: o número amplo de especies que integran esta familia, dunhas diferencias que pasan frecuentemente desapercibidas, e o seu habitat nocturno que impide unha clara visión da fisonomía. Neste apartado estudiaremos concretamente o vocablo *bufo* que se escoita en Outeiro (Folgosos do Caurel) como denominación da TYTO ALBA.

Bufo corresponde estrictamente a especie BUBO BUBO. O lat. clásico coñecía a voz BUBO 'bufo'. S. Isidoro xa a identificaba como formación onomatopeica: "bubo a sono vocis conpositum nomem habet"³⁴. A forma vulgar BUFO é considerada por Ernout-Meillet como derivación dialectal, por mor da presenza do -f- intervocálico, en canto do -b-³⁵. Para Walde-Hofmann, en cambio, responde este término a un cruce entre b u b o e g u f o³⁶. Pola súa banda, García de Diego rexeita a base latino vulgar *b u f o, posto que, na súa opinión, o -f- daría como resultado -b-, polo que propón como orixe unha influencia con *bufar*³⁷. Neste sentido, Corominas sinala que, a causa do carácter onomatopeico que se percibe na voz, o -f- non sonoriza en -b-³⁸.

De tódolos xeitos, deixando aparte a cuestión da orixe clásica de *bufo*, queda claro que estamos perante unha imitación do berro da ave, cun vocalismo constante (... u ... o), en tanto que as consoantes varían.

4. ASOCIACIÓNS CON OUTROS ANIMAIS: CABRA

Agás a confusión que existe entre as especies de rapaces nocturnas, ás veces asóciase a curuxa con animais moi diferentes, variando a relación semántica, conforme a cada caso particular³⁹. Así, en Robledo de Domiz

³⁴ Cfr. Isid., *Etym.*, XII, 7, 39, en S. Isidoro de Sevilla, *Etimologías*, II, p. 122.

³⁵ Cfr. A. Ernout-A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, Klincksieck, Paris, 1951, p. 97, s.v. *bufo*.

³⁶ Citamos por J. André, *Les noms d'oiseaux en lat.*, p. 46, s.v. *bufo*.

³⁷ Cfr. V. García de Diego, "Falsos nominativos españoles", *R.F.E.*, VII, 1919 (reimpr. 1969), p. 285.

³⁸ Cfr. *DCECH*, I, p. 691, s.v. *búho*.

³⁹ En Lombardía, emprégase *murec*, *muric* e *muvit* para denominar a curuxa. Posiblemente hai que remontarse para a súa base a *m u s - m u r i s* 'teipa, ratón' tendo en conta que a alimentación do noso paxaro componse fundamentalmente de roedores, ou ben por comparación coa escuridade que sofren tanto a teipa coma a rapaz nocturna á luz do día (cfr. o dito "ser máis cego que unha teipa").

rexístrase *cabra* como nome da 'curuxa' e na Estrada aparece a designación *cabuxa do aire*⁴⁰.

Resulta difícil de imaxinar a relación que pode manter un mamífero rumiante cunha rapaz nocturna. Non obstante, non é isto unha asociación rara, se se ten en conta que o término español *chotacabras* se refire a un paxaro (CAPRIMULGUS), ou que o francés *chèvre* se aplica ó 'saltón'. A orixe da relación entre a curuxa e a cabra podería centrarse na similitude de voces que emiten ámbolos animais⁴¹. Cabería pensar tamén nun vencello con *cáрабо*, denominación española da especie STRIX ALUCO⁴², pero parece pouco probable cunha voz culta sexa a base da nosa forma popular; máxime se se compara o francés *chevretta*, ou *cheveretta* 'curuxa' con *chèvre* 'cabra'. Tampouco debemos esquecer que ámbolos animais, segundo as crenzas populares, pertencen ó mundo do demo⁴³.

Corominas sinala certa asociación entre os vocablos cataláns *cabrer* e *cabrota*, especie de 'bufo', con *mama-cabres* (CAPRIMULGUS), nome inspirado, na súa opinión, pola coincidencia entre a crenza folclórica que atribúe ó paxaro o feito de succiona-lo leite, e o grito que el emite, impresionante na noite, e que recorda en certa medida ó do pastor berrando á súa grea⁴⁴.

⁴⁰ Designación rexistrada por X. Mouriño Cagide, *As denominacions de insectos, aves e animais salvaxes na zona da Estrada*, Instituto de Bacharelato de A Estrada, 1985.

⁴¹ Alcover recolle ó término catalán *cabrota* como paxaro de presa nocturno, do que di: "fa uns crits esgarrifosos que tenen certa semblanza amb el bel de las cabres" (A.M. Alcover-F. de B. Moll, *Diccionari Català-Valencià-Balear*, Graphiques Miramar, Palma de Mallorca, 1958, II, p. 793, s.v. *cabrota*). Asimesmo, Schüle rexistra *chevretta* en Nendaz (Francia), explicando tal nome "à cause de son cri qui ressemblerait au bêlement de la chèvre" (R.M. Schüle, "Inventaire lexicologique du parler de Nendaz", *Vox Romanica*, XXI, 2, Juil-Déc, 1962, p. 186).

⁴² En Lubián (Zamora) denomínase a 'curuxa' como *cáramo*. A súa orixe non é moi clara. Cabería a posibilidade de relacionalo co español *cáрабо*, que á súa vez presenta unha base bastante escura (vid. a este respecto DCECH, I, p. 844, s.v. *cáрабо*), ou ben podería tratarse simplemente dunha creación onomatopeica do tipo *ca-caruxa, curuxa*.

⁴³ Hipótese apuntada por Mouriño, vid. n. 2.

⁴⁴ Cfr. J. Coromines, *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*, Curial ed. caçalana, Barcelona, 1980, II, p. 370, s.v. *cabra*.

5. AVE DE MAL AGOIRO

A opinión popular asignou a cada animal, ou grupo de animais unha característica que frecuentemente os anquilosou de forma definitiva. As rapaces nocturnas tocoulles apeitar co estigma do mal “fario”, ata o punto de seren, case por antonomasia, os paxaros do mal “agoiro”, pero sen que haxa unha explicación válida acerca dunha tal atribución. Por unha banda, os seus hábitos alimenticios non son, de ningún xeito, perxudiciais para o home, antes ben benéficiano, ó libralo dos molestos roedores⁴⁵. Ademais de silenciosas no seu vó, o seu aspecto físico presenta unha elegancia esmerada⁴⁶.

No mundo antigo documéntanse varias testemuñas da curuxa considerándoa como criatura benefactora que trae sorte⁴⁷. Así, en determinadas lendas faise referencia a que a súa soa presenza daba ánimos tanto a hititas como a cartaxineses, e incluso, para algúns pobos coma os sonnetotas simbolizaba o deus Sol, aparecendo representada a figura da ave rodeada de raios en pinturas de xarróns antigos que se conservan.

Introducida a curuxa na lenda da deusa Atenea co fin de representalo brillo penetrante da divindade, pasa a se-lo atributo principal da deusa, e como tal, símbolo da sabiduría e emblema da cidade de Atenas⁴⁸.

Sen embargo, a pesar destas documentacións favorables, as informacións antigas sobre a curuxa como paxaro premonitorio da morte e de toda sorte de desgracias son máis numerosas. Na iconografía refléxase este carácter anunciador de desventuras que se testemuña, por outra parte, en pobos de case toda a orbe (desde gregos, romanos a rusos, polacos, hindues, etc.). Tanto para os aztecas como no cristianismo medie-

⁴⁵ Vid. J. Muñoz Garrigos, “Las rapaces nocturnas: del mito a la lengua”, *Anales de la Universidad de Murcia*, Univ. de Murcia, XLI, 1-2, 1982-1983, pp. 271-297.

⁴⁶ Neste sentido, son moi axeitadas as seguintes palabras do ornitólogo M. Cuisin ó dicir: “quienes afirman que búhos y mochuelos tienen un aspecto poco atrayente es, sin duda, porque no los han mirado con atención. La lechuza es el más bello titónido, y su plumaje muy claro, fina mezcla de blanco, gris y anaranjado, le ha valido el sobrenombre de dama blanca” (*La vida secreta de los animales. Las rapaces de Europa*, Ed. Fher S.A., Bilbao, s.a., p. 32, s.v. *lechuza*).

⁴⁷ Actualmente simboliza o don da clarividencia, da reflexión (Cfr. J.A. Rioja, *Diccionario de símbolos y mitos*, Tecnos, Madrid, 1962, p. 226, s.v. *lechuza* e p. 256, s.v. *mochuelo*).

⁴⁸ Para máis detalles sobre informacións antigas conservadas, cfr. O. Keller, *Die Antike Tierwelt*, 1913 (reimpr. Georg Olms Verlag, Hildesheim/New York, 1980), II, pp. 39-45, s.v. *steinkauz*).

val, simbolizaba a Satán, deus dos infernos⁴⁹, crenza que previve actualmente, sendo clasificada xeralmente como criatura pertencente á corte do demo, a que cómpre dar morte.

Centrándonos na orixe de tales crenzas, J. Chevalier e A. Guerberant consideran que existe certa relación co seu medio de vida nocturno⁵⁰. Con todo, é necesario precisar sobre esta hipótese que existen moitos animais que actúan na noite e que, non obstante, non presentan as conotacións negativas que se dirixen cara ás rapaces. D'Arcy Tompson propón unha explicación pouco convencente ó salientar, como causa desencadante do carácter agoreiro dos bufos, a presenza destes no momento de producirse os eventos desafortunados⁵¹.

Se pasamos revista á tradición grecolatina, observamos múltiples mostras do rasgo premonitorio⁵². O gran naturalista latino Plinio o Vello xa argumentaba:

“Bubo, *funebri et maxime abominatus publicies praecipue auspiciis*, desarta incolit nec tantum desolate, sed dira etiam et inaccessa, *noctis monstrum*, neccantum aliquo uocalis, sed genitu. Itaque in urbibus aut omnia in luce *uisus dirum ostentum* est...”⁵³.

Así mesmo, Claudio Eliano salienta que, se a curuxa se acerca a un home embarcado nalgún negocio, é signo dunha próxima desgracia⁵⁴. A mesma interpretación encontramos no glosario latino do Mosteiro de Silos⁵⁵, e na Biblia, que a clasifica como animal inmundo⁵⁶. O estudioso

⁴⁹ Vid. J. Curt Martínez, *La Fauna gallega y algo más*, Ed. Por J. Curt Martínez, Pontevedra, 1978, p. 210.

⁵⁰ Cfr. J. Chevalier-A. Guerberant, *Dictionnaire des Symboles*, ed. rev., Ed. Robert Laffont S.A./Ed. Jupiter, Paris, 1982, p. 246, s.v. *chouette* e pp. 504-505, s.v. *hibou*.

⁵¹ Cfr. D'Arcy Tompson, *A Glossary of Greek Birds*, Londres, 1936, s.v. *βύας* (citado por J. Muñoz Garrigos, “Las rapaces nocturnas”, p. 273).

⁵² Vid. A. Sauvage, *Etude de thèmes animaliers dans la poésie latine*, Col. Latomus, Rev. d'Etudes Latines, Bruxelles, 1975, pp. 179-184.

⁵³ Cfr. Plin., *Hist. Nat.*, X, 34, en Pline, L'Ancien, *Histoire Naturelle*, Trad. por E.D. Saint-Denis, Les Belles Lettres, Paris, 1961, X, p. 40 (o suliñado é noso).

⁵⁴ Exemplifica o seu argumento ca historia de Pirro de Epiro, o cal “encontró la muerte más ignominiosa”, despois de ver unha curuxa (Cl. Eliano, *Historia de los animales*, X, 37, trad. por J.M. Díaz-Regañón López, Gredos, Madrid, 1984, p. 71).

⁵⁵ Dice sobre o bufo: “Avis nocturna mala saga mali hominis” (C.A. Fol. 23, en E. García de Diego, *Glosarios Latinos del Monasterio de Silos*, Tip. Sucesores de Nogué, Murcia, 1933, p. 53).

⁵⁶ Cfr. *Levítico*, II, en E. Nacar Fuster-A. Colunga Cueto, *La Sagrada Biblia*, 9ª ed., B.A.C., Madrid, 1972, p. 109.

Taboada Chivite nota diferentes supersticións antigas deste tipo en Galicia, referidas sobre todo ó moucho⁵⁷, do que di Rosalía de Castro, facéndose eco do temor popular:

“Chovía si Dios ten auga
ventaba en tódolos ventos
en ensarrapicada toda
a camiñar non me atrevo;
que o moucho, fita que fita,
me aspera naquel penedo;
mais acordéime da Virxe
que sempre connigo levo;
résolle un Ave-María,
e cobrando novo alento,
como os páxaros do mare
nadando paso o regueiro
corro a enriba do valado
brinco en baixo do portelo
e dende alí berro entonces
con cantas forzas teño:
“Non che teño medo, moucho;
moucho, non che teño medo!”⁵⁸.

Do mesmo modo, diferentes bestiarios medievais (o *Physiologus*, os de Philippe de Thaun e Pierre de Beauvais, etc.) amosan as súas garras diante da presenza das rapaces, facendo referencia ás premonicións e ó seu aspecto pavoroso; sobresaen dentro destas descripcións o tratamento dado á ave chamada NYCTICORAX, á que se compara co pobo xudeo que, coma o paxaro, está asolagado na escuridade, non vendo a verdade⁵⁹.

⁵⁷ Cfr. X. Taboada Chivite, *Etnografía galega. Cultura espiritual*, Galaxia, Vigo, 1972, pp. 112, 130 e 141.

⁵⁸ Cfr. R. de Castro, *Cantares gallegos*, Galaxia, Vigo, 1963, pp. 96-97, vv. 63-80.

⁵⁹ Cfr. F. McCulloch, *Medieval Latin and french bestiaires*, Chapel Hill, The University of North the Carolina Press, 1960, p. 147, s.v. owl; e P. de Thaun, *Le bestiaire*, Slatkine Reprints, 1970, pp. 101-102, vv. 2789-2842.

Guillaume le Clerc de Normandie di da *fresaie* ‘curuxa’: “Cet oiseau est sale et puant; il ne soucie pas du jour et du soleil, sa nature permanente est telle qu’il préfère toujours la nuit et les ténèbres. Selon toute apparence, il est le serviteur du Démon” e engade “cet oiseau représente les Juifs traîtres et maudits, qui ne voulurent pas regarder Dieu quand il descendit ici-bas pour nous sauver (...) Les Juifs sont plongés dans l’obscurité, ils ne voient pas la vérité. Ils ont préféré les ténèbres au soleil éclatant d’en haut” (*Bestiaire divin (extraits)*, en G. Bianciotto, *Bestiaires du Moyen Age*, Stock-Plus, Paris, 1980, p. 76).

Por outra parte, non debemos esquecer a relación que se establece entre a curuxa e as meigas. O término latino STRIX-STRIGIS (gr. στρίξ, στρίγός) xa poseía ámbolos significados⁶⁰, o que provoca, por exemplo, confusións semánticas á hora de traducir ós autores clásicos. Nos tempos da tradición greco-latina, descríbense as bruxas coma criaturas que realizan as súas falcatrudas ó agarimo da noite, puidendo voar ou transformarse en determinados animais coma a curuxa⁶¹. Escritores como Petronio, Horacio, ou Ovidio recrean nos seus relatos toda sorte de supersticións deste tipo⁶². Actualmente, continúaase considerando á nosa rapaz como animal favorito das meigas, e como tal, aparece frecuentemente representada en mostras artísticas, rodeada sempre dunha aureola sinistra e tétrica.

5.1. Denominacións coma ave da morte

Na rexión galega encontramos designacións de ‘curuxa’ que fan referencia ó seu carácter premonitorio da morte⁶³: *paxaro da morte*, en Lérez e Penosiños, *raposa da morrasa*, en Traba.

O primeiro nome non plantexa ningunha dúbida. O que si parece máis extraño é a relación que pode mante-lo noso paxaro cun mamífero carniceiro coma a *raposa*; a explicación máis viable, ó noso parecer, centraríase, coma en ocasións anteriores, na comparación das voces que emiten ámbolos animais. Aníbal Otero rexistra, á súa vez, os vocablos *raposiña das mordanzas*, *raposa dos morganzos* e *raposa das mordanzas*, ave

⁶⁰ Algunhas linguas románicas conservan derivados desta voz:

a) Co significado de ‘curuxa’: sardo (*strea*, *istria*), siciliano (*struila*) (Cfr. J. André, *Les noms d’oiseaux en lat.* p. 146, s.v. *strix*).

b) Co significado de ‘meiga’: italiano (*strega*), rumano *striga*, venec. *striga*, trientino *stria*, portugués *estria*, etc. (Cfr. W. Meyer-Lübke, *Romanischen etymologisches Wörterbuch*, 3ª ed., Carl Winters, Universitätsbuchhandlung, Heidelberg, 1935, Vol. III, 8308).

⁶¹ Vid. J. Caro Baroja, *Arquetipos y modelos en la historia de la brujería*, Istmo, Madrid, 1974, pp. 221-223; e A.M. Tupet, *La magie dans la poésie latine*, Les Belles Lettres, Paris, 1976, pp. 78, 365 e 414-415.

⁶² Cfr., por exemplo, Petr., *Satir.*, 63, en Petronio Arbitro, *Satiricón*, trad. por M.C. Díaz y Díaz, Alma Mater S.A., Barcelona, 1969, II, p. 17.

⁶³ Di Eladio Rodríguez: “se la odia y se la teme hasta inspirar una profunda aversión creyéndose supersticiosamente que su vuelo lleva consigo la desgracia, y que su lúgubre graznido es anunciador de la muerte cuando lo lanza sobre una casa o cerca de ella” (*Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo, 1958, I, pp. 698-699, s.v. *curuxa*).

identificada como rapaz nocturna que, segundo crenzas populares, bota lume pola boca e vaticina unha morte próxima⁶⁴. É posible que tanto *morganzo/mordanza* coma *morrasa*, sexan términos derivados do verbo *morrer* (< m o r i r e)⁶⁵.

5.2. Denominacións relacionadas con adaxios metereolóxicos

En relación co carácter de mal agoiro que se lle atribúe as aves de presa nocturnas, aisladamente denomínase a curuxa con nomes que fan referencia a cambios de tempo⁶⁶; así, en Lérez aparece a designación *paxaro da auga*.

Este tipo de anuncios non é novedoso. Desde tempos antigos documéntanse crenzas similares. Claudio Eliano xa suliñara a este respecto:

“el ruido siseante de la lechuza, si el tiempo es tempestuoso, anuncia buen tiempo y día radiante; pero si el tiempo es bueno y sisea suavemente se desencadenará necesariamente una tempestad”⁶⁷.

O mesmo tipo de prediccións refléxase en proverbios populares galegos como:

- “curuxa noiteira, malladora á eira”
- “curuxa tardega, auga noitega”⁶⁸.

Tratando de busca-la posible orixe, Muñoz Garrigos pon en relación estes anuncios de mutación climática cun rasgo caracterizador que se lle atribúe ó noso paxaro: o seu espírito captador do que ocorre ó seu arredor (recórdese que simboliza a sabiduría)⁶⁹.

⁶⁴ Cfr. A. Otero, *Vocabulario de S. Jorge de Piquín*, Anexo 8 de Verba, Santiago de Compostela, 1977, pp. 162-163.

⁶⁵ En Francia, empréganse vocablos moi semellantes: *ouseil de la mort*, *auseil de la mort*, *ouseil de la muor*, *ouillo de mort*, *ouseil de la muo*, etc. (cfr. ALF). En Italia, rexistra Rohlfs a designación *pulle d'a morte* (G. Rohlfs, *Nuovo Dizionario dialettale della Calabria*, Longo Editore, Ravenna, 1922, p. 522, s.v. *puddu*).

⁶⁶ En albanés aparece o nome de *kerëkeqe* que significa literalmente ‘mal tempo’ (Cfr. H. Plomptoux, “Le crapaud, magie e maléfice”, *Revue de Linguistique romane*, XXIX, janv-juin 1965, p. 134).

⁶⁷ Cfr. Cl. Eliano, *Historia de los animales*, p. 307.

⁶⁸ Refróns recollidos por Eladio Rodríguez, vid. n. 63.

Do mesmo modo, en Asturias dícese: “el curuxu na Quintana agua pe la mañana” (Cfr. A. Noval, *Fauna salvaje asturiana*, Ayalga, Gijón, 1976, p. 205).

⁶⁹ Cfr. J. Muñoz Garrigos, “Las rapaces nocturnas”, p. 293.

Sen embargo, é posible que non haxa unha explicación moi válida que xustifique este rasgo premonitorio do clima, puidendo estar baseado perfectamente no carácter de ave portadora de agoiros, neste caso trasladado ó eido metereolóxico.